

Cee no "Cruceiro de Valdomar", mandado construír en 1700 por Domingo Valdomar. Na Rúa de Perigos observamos unha tradicional fronteira portegada cun traballado balcón que albergou o Pósito Marítimo. Ascendendo pola dita rúa chégase ó "Cabo da Vila", onde se atopa a Capela de San Antón, erixida no 1700. Dende un pouco máis de riba disfrútase dunha inmellorable vista de toda a vila.

Situados na Praza de Castelao, indo cara a igrexa, temos o Pazo dos Condes de Altamira, señorío xurisdiccional de toda a comarca que hoxe conforma o partido xudicial; o edificio primitivo levantouse a finais do século XV. Nel achábase o cárcere e a sala de audiencias do xulgado señorial, sufrindo -con posterioridade- múltiples modificacións. Perto da igrexa ubicouse un pequeno hospital fundado polos Condes para dar acollida ós pelegríns que, seguindo a ruta Xacobeá, se dirixían a Fisterra.

A igrexa parroquial de San Marcos é románica na súa orixe e o seu trazado. O volume principal deste templo foi construído a mediados do século XIII ou moi pouco máis tarde, namentras que a fachada e o campanario -este de estilo neogótico- reedificáronse recentemente, tras ser destruídos por unha tormenta en 1885. Os restos da primitiva porta oxival poden verse inmediatamente despois de atravesar a entrada actual.

No exterior da igrexa admíranse unha serie de canzorros con representacións humanas, de demos e de animais.

No interior gárdase a impresionante talla do Evanxelista San Marcos da Cadeira (por estar sentado) vestido como un Dux veneciano; no respaldo da talla aparecen gravados os símbolos heráldicos dos Condes de Altamira, Rodrigo de Moscoso e Xoana de Castro.

Saindo da Praza en dirección a Fisterra, axiña se divisa o antigo Cárcere do Partido Xudicial, sito na entrada do porto e erguido no 1858. A pesar de ter sufrido moitos arranxos, conserva o seu aspecto e estrutura orixinaria, incluída a pequena capela.

O porto tamén é un fidel reflexo da historia de Corcubión. Reconstruído e ampliado logo de ser desfeito na Guerra da Independencia, o porto foi de grande importancia extratéxica debido ó trazado da súa ría.

Seguindo a estrada e tomando polo desvío xunto ó cemiterio, exténdese na outra veira da dita estrada a praia de Quenxe, cos restos de antigas fábricas de salazóns e da Compañía Xeral de Carbóns; unha pista á dereita, que leva a Oliveira, déixanos no Monte do Castro de Quenxe, construción en forma ovalada para mellor aproveitamento da luz solar. Só conserva unha parte da plataforma sita na acrópole onde están soterradas ás vivendas e a muralla defensiva, realizada con bloques de granito. Tense atopado na superficie algúns anacos de cerámica castrexa e romanizada, o que permite datar este xacemento nos séculos próximos ó cambio da Era.

Contemplando as excelentes vistas, voltamos á estrada que nos conduce ata o Castelo do Cardeal, na antiga punta do castelo. Esta pequena batería data de 1741, dotada de 12 pezas e 96 homes. A súa misión consistía na defensa da ría co seu veciño o Castelo do Príncipe, situado ó outro carón da mesma. Máis adiante achegámonos ó Cabo de Cee, edificado no 1860.

Abeirando a península, chegamos á parroquia de Redonda, onde se atopa a Igrexa do mesmo nome. A construción data de finais do século XII e sómente conserva da súa orixe románica a ábsida rectangular, unha fiestra moi enxebre no testeiro ou arco semicircular peraltado sobre dúas semicolumnas do altar maior e uns curiosos canzorros a base de estilizados vexetais. No interior gárdase unha talla de San Pedro da Cátedra, do século XV, que presidía o retábulo do altar maior. O conxunto péchase cun cruceiro levantado no 1689, seguindo un modelo moi extendido na comarca.